

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

O Corgo, 20 de xuño de 2016.- O alcalde-presidente, José Antonio Ferreiro González.

R. 1883

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

FORMALIZACIÓN

1. ENTIDADE ADXUDICADORA

- a. Organismo: Concello de Monforte de Lemos.
- b. Dependencia tramitadora: Secretaría-Servizo de Contratación.
- c. Número de expediente: 002-SUBMPA16

2. OBXECTO DO CONTRATO

- a. Descrición do obxecto: Subministración de gaolinas e gasóleo A e C para parque móbil e calefacción e auga quente dos edificios de titularidade municipal e do C.E.E. Infanta Elena.
- b. División por lotes: Si.
- c. Número de lotes: 2.
 - i. Lote 1: Subministración de combustible para vehículos do parque móbil municipal.
 - ii. Lote 2: Transporte e subministración de combustible para os sistemas de calefacción de edificios municipais.
- d. Duración: 1 ano
- e. Admisibilidade de prórrogas: Sí, ata un máximo de 2 anos.
- f. CPV: 09132100-4 e 09134000-7

3. TRAMITACIÓN, PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN

- a. Tramitación: Ordinaria.
- b. Procedemento: Aberto.

4. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN E VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

- a. Orzamento base de licitación: Prezos unitarios. Importe máximo inicial LOTE 1: 24.856,50.-€ (IVE 21% aparte): Importe máximo inicial LOTE 2: 30.302,78.-€ (IVE 21% aparte)
- b. Valor estimado do contrato: 164.547,84.-€.

5. FORMALIZACIÓN

- a. Data de adxudicación: 9.5.2016.
 - i. Lote 1: Cepsa Card, S.A.-€
 - ii. Lote 2: Codisoil, S.A.-€
- c. Importe de adxudicación Lote 1.- (porcentaxe desconto/litro subministrado sobre pvp en surtidor no momento da subministración)
 - Gasóleo A: 6,04%.
 - Gasolina 95º: 6,04%.
 - Gasolina 98º: 6,04%.
- d. Importe de adxudicación Lote 2.- (porcentaxe desconto/prezo publicado para España en Boletín Petroleiro).
 - Gasóleo "C": 2%
- e. Data de formalización.-
 - i. Lote 1: 6.06.2016.
 - ii. Lote 2: 31.05.2016.

Monforte de Lemos, 14 de xuño de 2016.- O Alcalde, José Tomé Roca.

R. 1884

RÁBADE

Anuncio

Elevado a definitivo, por non seren presentadas reclamacións durante o prazo de exposición ao público, o acordo adoptado polo Concello Pleno, en sesión celebrada o día 9 de maio de 2016, no que se aprobou provisionalmente a Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de piscina municipal, en cumprimento do disposto no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público o acordo de aprobación e o texto íntegro da Ordenanza.

Contra o referido acordo, que é firme en vía administrativa, pode interpoñerse no prazo de dous meses a partires da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que se establecen nas normas reguladoras de dita xurisdición.

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACION DO SERVIZO DE PISCINA MUNICIPAL.

Artigo 1.- Concepto.- No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2. e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais) este Concello establece a taxa pola prestación do servizo das piscinas de titularidade municipal, que se rexera pola presente Ordenanza, de conformidade co previsto no citado Real Decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo.

Artigo 2.- Feito impoñible.- Constitúe o feito impoñible da taxa a utilización das piscinas municipais, de acordo co previsto no texto refundido da Lei de Facendas Locais.

Artigo 3.- Suxeitos pasivos.- Son suxeitos pasivos da taxa reguladora desta Ordenanza, as persoas físicas así como as entidades sen personalidade xurídica propia, que soliciten e se beneficien dos servizos prestados por este Concello, no que se refire o artigo anterior.

Artigo 4.- 1.- Contía.- no referente á contía da taxa reguladora desta ordenanza serán as que a continuación se relacionan:

ENTRADAS DIARIAS

Maiores de 14 anos : 3 €

De 6 a 14 anos : 1 €

ABONOS DE TEMPORADA

Individual: 20 €.

Familiar, que comprende ás parellas e no seu caso os fillos menores de idade que residan no mesmo enderezo: 50 €.

CURSOS DE NATACIÓN

Os que se acollan ó abono de temporada: 10 €. En caso de non te-lo abono de temporada: 15 €.

Os aboamentos darán dereito ó desfrute das instalacións desde a data de apertura ata a data de peche da instalación.

Os menores de 6 anos estarán exentos de pagamento.

Artigo 5.- Devengo.- O devengo da taxa reguladora da entrada libre terá lugar no mesmo momento de recolle-la entrada nas instalacións, no momento de entrar no recinto. O pagamento dos aboamentos realizarase no momento no que se expida o abono de temporada, sendo o pagamento requisito previo e inescusable para que surta o dereito ó desfrute das instalacións.

As entradas de baño serán entregadas pola Tesourería Municipal, debidamente selladas, previa formalización do correspondente prego de cargo, cuxa liquidación servirá de base para o control e fiscalización por parte da intervención municipal.

Non haberá lugar á devolución de importe ningún cando o servizo non se use ou desfrute por causa imputable ó propio usuario, bastando para elo coa obriga municipal de poñer á disposición do usuario as instalacións e os medios necesarios para o desfrute da actividade. Procederá á devolución do importe correspondente e proporcionalmente, previa solicitude, cando por causas imputables á administración non se poidera utiliza-las instalacións.